



VENRES, 30 DE MAIO DE 2025 VIERNES, 30 DE MAYO DE 2025 | BOP NÚMERO 102

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Convocatoria e bases para a creación dunha bolsa de emprego de socorristas*

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO CONCELLO DE MIÑO DE PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE SOCORRISTA NO MARCO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.**

#### Primeira.- Obxecto da convocatoria.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a creación polo concello de Miño dunha **bolsa de emprego** na categoría profesional de **SOCORRISTA**, coa finalidade de proceder, no seu caso, á contratación de persoal laboral temporal na citada categoría para cubrir as necesidades deste persoal na inminente tempada de verán 2025 con arranxo aos seguintes parámetros mínimos:

- Programa a desenvolver: Subvención convocada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e atención a Orde do 27 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Persoal a contratar: Socorristas durante a tempada de verán 2025 (máximo 14).
- Período estimado da contratación: 3 meses (previsiblemente 15 de xuño a 14 de setembro de 2025).
- Tipo de contrato proxectado: Contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa.

O obxecto e réxime de funcionamento da bolsa de traballo a crear contense na base 9<sup>a</sup> das que rexen a presente convocatoria.

Os postos de traballo a cubrir se corresponden co Subgrupo C2 recollido na Disposición Transitoria Terceira do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) ou equivalente grupo laboral.

As retribucións a percibir polas persoas contratadas serán as correspondentes ao convenio colectivo do Concello de Miño, con arranxo á seguinte equivalencia:

- Categoría: C2

As funcións que deberán exercer as persoas que resulten seleccionadas e integren as Bolsa de Emprego, serán, baixo dependencia xerárquica, as propias do seu nivel e categoría laboral.

Os servizos prestaranse en función das concretas necesidades, características, requisitos e condicións (dispoñibilidade horaria, xornada laboral, descanso semanal) que requira o posto de traballo que se queira cubrir e dependendo da organización e funcionamento do servizo para o que se realice o nomeamento. Dito servizo poderá estar vinculado a unha ou varias dependencias municipais.

O sistema de selección será a oposición libre, atendendo ás funcións e cometidos dos correspondentes postos de traballo.

Todas as publicacións sucesivas faranse no taboleiro de anuncios do concello e a título informativo e complementario na sede electrónica do concello de Miño.

#### Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que a nacionalidade

española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuge non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establecese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencia. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) Profesionalidade: Estar inscrito no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021. Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo (vixente de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 152/2021) serán admitidas aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

g) Requisitos lingüísticos: Posuér un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 3, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

h) Outros requisitos: Ser desempregado/a, inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes na categoría de socorristas, non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumplirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumplir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustificado cuxa aceptación valorará o tribunal poderá presentarse ata o día mesmo que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

#### Terceira.- Presentación de instancias.

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

O prazo de presentación de instancias será de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou

ben por correo electrónico (correo@concellodemino.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

b) Copia simple do documento que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o parágrafo f) da base segunda.

En defecto de documentación que acredite a inscrición no citado rexistro, fotocopia da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, (modelo normalizado que figura como Anexo III ao Decreto 104/2012 xa citado), así como da declaración responsable segundo o modelo normalizado (Anexo IV). Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

c) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.

d) Copia simple do documento acreditativo de estar desempregado na data de inicio do proceso selectivo.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con alguma discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalguna das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo únicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

#### **Cuarta.- Admisión dos/as aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous (2) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da an-

tedita resolución no taboleiro de anuncios do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Na mesma resolución se determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

#### **Quinta.- Tribunal cualificador.**

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o dispuesto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar/par de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco/seis (un Presidente, tres/catro Vogais e un Secretario), debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xular as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vocais.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vogais. Na súa composición deberá tenderse á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningúén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasesen, o Tribunal, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención a colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán abstenerse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra alguma das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitud do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

#### **Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo.**

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu derecho aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirlles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Non se permitirá o acceso ao lugar no que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exame e non se habilitará ningún servizo de recollida destes aparatos.

A orde na que actuarán os aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar convuntamente será por orde alfabetico.

Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

Os anuncios que poidan derivarse do presente proceso selectivo (realización dos exercicios da fase de oposición, cua-lificacións, valoración de méritos, etc...) efectuaranse no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na sede electrónica municipal.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obligatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes. A proba de galego só será obligatoria para os aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requiredo.

Para a superación do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ter superado a fase de oposición, o cal requerirá da superación de todos os exercicios que lle resulten obligados. De non existir ningún aspirante que a teña superado, a convocatoria será declarada deserta.

A puntuación obtida, no seu caso, no concurso, sumarase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado, determinándose así, a puntuación final.

#### Sétima.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de **oposición libre**.

**A) Fase de oposición (ata un máximo de 20,00 puntos):** De carácter obligatorio para todos os aspirantes. Constará de dous exercicios:

**A.1) Primeiro exercicio.**- Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo:

- Proba de reanimación cardio-pulmonar que ten por obxecto determinar se o/a aspirante ten os coñecementos míni-mos para a realización da manobra RCP

A presente proba cualificarse como APTO/NON APTO.

**A.2) Segundo exercicio.**- Consistirá en percorrer unha distancia de 350 metros, e a continuación entrada na auga e natación en augas abertas, desde unha baliza situada no areal ata unha baliza colocada enfrente a baliza de terra, debendo superala polo exterior. Dependendo do estado do mar, o tribunal establecerá a distancia a nadar, así como o tempo máximo para a realización da proba. Nesta proba os aspirantes poderán utilizar un traxe de neopreno de grosor non superior a 4 milímetros.

Esta proba cualificarase de 0 a 20 puntos, outorgando a maior puntuación ao candidato que a realice no mellor tempo e o resto puntuarase nunha regra de tres en proporcionalidade.

**B) Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a):** De carácter obligatorio e eliminatorio para todos os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA III ou equivalente (poderá presentarse ata o mesmo día que se fixe para a realización da proba).

**B.1.)** Consistirá en traducir (oral ou escrito) nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego, e outro de galego a castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

#### Octava.- Cualificación final, relación de aprobados e proposta de nomeamento.

A **cualificación final** do proceso virá determinada pola puntuación obtida na fase de oposición, **publicándose a listaxe provisional de aspirantes coa puntuación obtida por orde de maior a menor** no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. En caso de empate, este dirimirase por sorteo.

Os aspirantes disporán dun prazo de **UN (1) día hábil**, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello para presentar alegacións contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a **listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso coa puntuación obtida por orde de maior a menor**. Así mesmo, esta relación presentarase ao señor alcalde coa proposta para a constitución da bolsa de traballo.

#### Novena.- Bolsa de traballo.

Obxecto da bolsa: Coa relación definitiva dos aspirantes que tendo superando o proceso selectivo e pola orde da puntuación obtida formarase unha bolsa de traballo para cubrir no seu caso as futuras e inminentes necesidades temporais de persoal que poidan xurdir na categoría profesional de socorrista no concello de Miño conforme ás circunstancias recollidas na base primeira.

Esta bolsa de traballo terá prioridade sobre primeira bolsa de emprego convocada pola Resolución de data 09.05.2025 financiada con cargo a fondos propios municipais (BOP núm. 90 do 14.05.2025), en atención a diferente fonte de financiamento que as soporta, dándolle preferencia en todo caso á presente.

A formación e/ou actualización da bolsa (exclusións, baixas temporais e/ou altas que se produzan ao longo da súa vixencia) serán aprobadas por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Vixencia da bolsa: A bolsa resultante do presente proceso selectivo se extinguirá en todo caso ao finalizar a tempada de verán 2025, pudendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

Funcionamento da bolsa: Cando xurda unha necesidade de persoal obxecto da presente bolsa, a contratación/nomeamento se lle ofrecerá ao aspirante que ocupe na mesma a posición de maior preferencia, sempre que poida ser contratado/nomeado conforme á lexislación vixente en cada momento e sen conculcar á mesma.

Os chamamentos se comunicarán aos aspirantes por correo electrónico, sen prexuízo de que se complemente con chamada telefónica (se fose necesario se realizarán ata tres chamadas telefónicas en diferentes horas e no mesmo día do cal se expedirá dilixencia da que se deixará constancia no expediente).

Os/as integrantes da bolsa serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando ao servizo de selección de persoal calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude de acceso ás probas selectivas.

A partir do momento en que se estableza o contacto coa persoa interesada mediante calquera dos medios sinalados anteriormente, o/a aspirante disporá como máximo de dous (2) días hábiles para dar contestación á oferta. Se transcorre o prazo e non se recibe contestación, se entenderá que renuncia sen causa xustificada e se procederá á exclusión automática da bolsa de traballo. Non obstante, a persoa interesada poderá rexeitar a oferta de traballo, non dando lugar nin á exclusión da bolsa nin a perda da posición nela, sempre que alegue e acredite axeitadamente algúns das circunstancias seguintes:

- Estar traballando cando se realice a oferta, para o que se deberá presentar contrato ou informe de vida laboral.
- Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente, xustificándose mediante a presentación do oportuno informe médico.
- Estar nalgúnha situación das que, por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar estean contempladas pola normativa en vigor aos efectos de permisos ou licenza.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.

No caso de que o aspirante acepte a oferta de traballo, disporá dun prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde a aceptación da oferta, para aportar a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, achegando a seguinte documentación orixinal, agás que xa conste presentada coa instancia:

- a) Documento Nacional de Identidade.
- b) Título acreditativo da profesionalidade.
- c) Documentación acreditativa do CELGA 3 ou equivalente, no seu caso.
- d) Documentación xustificativa do requisito esixido na base 2º f) Profesionalidade

e) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

f) Declaración responsable de non encontrarse incorso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

g) Copia simple do documento acreditativo de estar desempregado na data de inicio do proceso selectivo

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido na base segunda apartado c), o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, impobilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de un (1) día hábil contado a partir da aceptación da oferta presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de contratación do/a aspirante proposto/a que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica e disporá a súa toma de posesión para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

A contratación do/a aspirante determinará que o mesmo cause baixa temporal na bolsa, volvendo a causar alta unha vez que finalice a prestación de servizos para a que foi contratado/nomeado e sempre que non incorra en causa de exclusión. A alta farase efectiva no mesmo lugar que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

**Exclusión da bolsa:** A exclusión dun/dunha aspirante da bolsa se producirá nos seguintes supostos:

- Por solicitude expresa do aspirante.
- A falta de resposta á oferta de traballo no prazo concedido.
- Rexeitamento da oferta de traballo sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación acreditativa das condiciones de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria no prazo concedido, agás nos casos de forza maior.
- A non incorporación ao posto de traballo ofertado trala aceptación da oferta sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- Renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo para o que fora nomeado sen causa xustificada e debidamente acreditada.

#### Décima.- Réxime xurídico aplicable.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

En Miño, a 27 de maio de 2025

O alcalde,

Manuel Vázquez Faraldo

**ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA**

D./Dna. ...., con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións e comunicacións en .....  
....., C.P. ...., localidade de .....provincia de .....

**EXPOÑO:**

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo concello de Miño a través do anuncio publicado o pasado .....no..... para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO na categoría profesional de SOCORRISTA .

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3º.- Que a efectos do funcionamento da bolsa de traballo facilito os seguintes datos: correo electrónico.....  
.....e nº teléfono .....

4º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de .....páxinas.

Copia simple do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)

Copia do documento ou documentos xustificativos de estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e de atoparse nalgúnha das situacións de exclusión laboral segundo a base 2ª das que rexen a presente convocatoria

Copia simple do documento ou documentos xustificativos de profesionalidade de socorrista acuático en espazos naturais

Copia simple, no seu caso, do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 3 ou equivalente.

5º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, responsabilizándome da súa veracidade e de presentar os orixinais no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexan requiridos ao efecto.

6º.- Que coñeo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

**SOLICITO:** Que se teña por presentada esta solicitude e se me admita para tomar parte no proceso selectivo convocado.

En ....., a ..... de ..... de 2025.

Asdo.-

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.

2025/3430